

# ARQUITECTURA RESIDENCIAL INDIANA NAS RÍAS DE ARES E FERROL

Marina Cabana González

## INTRODUCCIÓN

Sempre me teñen chamado a atención esas enormes casas diferentes a primeira vista non só polo seu tamaño, senón tamén pola ornamentación, formas e cores que conseguen destacalas de xeito notorio entre as construcións que as rodean. O feito de ter vivido próxima a elas, e en especial á "Casa da Maleta", motivou no seu día a elección do estudio de tan senlleiras edificacións como proxecto fin de carreira de arquitectura técnica.

Anque nun principio o traballo pretendía abranguer o norte da provincia da Coruña, a presenza dun número maior de vivendas do esperado obrigou a reducir o ámbito ás rías de Ares e Ferrol. Introdúcense a maiores dous factores limitadores:

- En primeiro lugar, a data de construción. Considérase 1870 como *data inicial*, pois a partir de entón comeza o éxodo masivo favorecido polo emprego do vapor no transporte marítimo e pola lexislación migratoria dos países latinoamericanos dentro dun contexto de desenvolvemento económico; a data tope será 1930, *punto final* tras o crac da bolsa neoorquina que acentúa o debilitamento económico que sofren as repúblicas americanas tras a Primeira Guerra Mundial, e que se manifesta no noso caso coa consecuenta paralización na edificación destas vivendas, máis acusada aínda con motivo da Guerra Civil Española de 1936-39. Desta maneira quedan excluídas moitas construcións posteriores e algunhas anteriores.

- E en segundo lugar, o promotor da vivenda será necesariamente un Indiano. A definición de indiano fálanos do "*emigrante que regresa rico de América*", o que supón que de todos os emigrantes tan só un dez por cento cumpre esa condición de indiano; isto explica o motivo polo cal moitas destas vivendas promovidas por emigrantes se quedarían fóra da catalogación como construción indiana.

Se ben é certo que paseando pola zona podemos achar varias dúcias de vivendas de emigrantes, tras as limitacións impostas quedan dez magníficos exemplos que imos investigar:

- No concello de Ares, a Casa Grande ou Santa Amalia, a Casa de Concha Amado, a Casa

de Paco Bello e a Casa Minerva.

- En Cabanas, Vila Frayán e o Chalé do Areal.
- En Fene, o Chalé do Adriano ou Casa da Maleta.
- En Mugardos, o Chalé de Esperante e a Casa Casteleiro.
- E en Pontedeume, a Casa Rosa.


Daquel traballo, imposible de reproducir integramente pola súa extensión, xorde este artigo que tenta transmitir as características da *ARQUITECTURA REDIDENCIAL INDIANA* a través dos exemplos máis significativos das rías de Ares e Ferrol, analizando nun primeiro momento os trazos comúns a todas elas para posteriormente ver cadansúa propia singularidade.

## A FIGURA DO INDIANO

Para enterdermos o porqué destas vivendas, cómpre coñecermos un pouco a personalidade do indiano. Esta é froito de dous estados, o previo e no que transcorre a emigración por unha banda, e o momento final do éxito: *o tránsito da condición humilde de orixe á burguesa de adopción*. Da primeira circunstancia resultará por exemplo *o seu afán de progreso, a predilección pola comunidade de nacemento e a familia, a súa lagoa cultural e a falta de gusto*. Pola contra, a conversión a burgués lévaos *á adopción dun nivel e formas de vida que sintonicen co resto da sociedade podente*. O indiano é, en definitiva, unha síntese; pero sofre unha penalización social tanto por parte do campesiñado coma da burguesía, problema de integración que incide no desarraigamento social (como comentaba Antón Vilar Ponte en "Almas Mortas", aquí chamábanlles americanos e en América galegos, e nin son galegos para nós nin americanos para os de América).

O noso personaxe procura a adaptación ao novo estatus con fórmulas de vida propias dos burgueses, tanto no referente a conductas e relacións sociais de estándar burgués como na dispoñibilidade e acceso a bens de consumo e servizos propios das clases podentes. Conductas e bens adquiridos son as probas palpables do novo estatus, signos que o indiano supón máis contundentes canto máis evidentes e ostentosos.

Carné de socio do Centro Gallego da Habana.



A *vivenda*, a súa propiedade máis prezada, constitúese no signo de clase con maior poder diferenciador e, xa que logo, en símbolo máximo de posición social. Nela o ascenso materialízase polas súas dimensións, calidade, aparencia, complementos e servizos, comodidade e confort e persoal de mantemento.

O *xeito de vestir* é un punto básico para a renovación da imaxe. A indumentaria constaba de prendas propias do rico europeo da época (botíns, traxe, chaleco, gravata...) Xunto con roupas e complementos de orixe americano e caracterizados polo seu exotismo e pintoresquismo (traxe branco ou claro, propio de climas cálidos, sombreiro de tea ou palla a ton, leontina ou aneis de ouro de gran tamaño, ou o puro habano).

O *matrimonio*, inseparable da construción da nova casa, constituía unha materia pendente para moitos, que regresaban cando menos corentóns. Algúns cambiaban entón o seu estado civil, caracterizándose estes casorios pola endogamia, a considerable maior idade do home e, en casos, o enlace con mulleres de boa posición (en Galicia as mellores familias tradicionais, precisadas de cartos, abren as súas casas ao intercambio matrimonial cos indianos; así, a burguesía galega máis industriosa indianízase).

*Políticamente* o indiano mantén posturas confusas e heteroxéneas, cando non apolíticas, e incluso alterables e flexibles pois son maleables, e réndense ao réxime implantado en cada momento. Vivindo de rendas festexan, pasean, xogan ás cartas e "cambian de aires" en época de verán.

A *filantropía* é outra práctica de clase que comparte coa burguesía e serve ao indiano para favorecer a aceptación dos seus paisanos e á vez marcar as diferencias respecto deles; trátase dunha xenerosidade que emprega para mercar afectos e o dereito fronte á comunidade a ocupar o lugar que outros teñen por nacemento. E tradúcese en esmola para os pobres, patrocinio das festas locais, financiamento de servizos e construcións que favorezan a vida da comunidade de nacemento como escolas, hospitais, lugares de ocio..., e mesmo a adquisición de imaxes sacras.

O *afán de progreso* contáxiase en América, unha sociedade nova, flexible e máis evolucionada que a que deixa detrás. Cando regresa, sen embargo, enfróntase co poder da tradición, e o seu propagandismo do progreso aprendido é malinterpretado, tachádoselle de raro ou estrambótico; ao indiano resúltalle difícil asimilar o atraso da súa terra e o progreso da outra na que residiu.

A *afectividade cara ao seu lugar de orixe* compróbase precisamente porque proxecta o afán de progreso en prol desa veciñanza (parroquia ou, ao sumo, concello). Certamente, o galego mitifica, idealiza no exilio e cultiva e acentúa os vínculos coa terra. Sen embargo, esto pode volverse contra el tras o seu regreso cunha bagaxe americana cultural e sentimental, que actúa aquí do mesmo xeito que o galego o facía en América e do que dan fe desde o acento na fala e as expresións empregadas ata a indumentaria ou as constantes conversacións con alusións idílicas referidas

ao país ultramarino en que residiron; ao se inverter a situación estala a contradicción, poñéndose de manifesto o drama do home de vida repartida, errante, aquí e alá desarraigado.

Afecto tamén cara á *familia*, estando vencellado ao aspecto económico, ás remesas que remitían aos parentes próximos. O envío de cartos é o reverso dunha emigración maioritariamente masculina que prefire regresar cunha mellor situación económica a levarse con el a súa familia.

A *incultura* foi, finalmente, un drama para o indiano. Os cartos puideran elevar o estatus social, pero non o nivel cultural, e este contraste foi brutal e debilitador. Faltan modales, descoñécese as formas de estar, está presente a incultura propiamente dita e a carencia de títulos académicos, así como o gusto dictado polas clases solventes do momento, decantándose o indiano polo útil, rechamante, pretencioso e aparente, consecuencia da vaidade que acompañaba ao cambio de estatus; outros criterios estéticos máis elevados e imperantes na elite social incorpóraos o indiano a través da contratación de profesionais cualificados como arquitectos ou bos mestres de obra para as súas edificacións.

## ALGUNHAS IDEAS BÁSICAS SOBRE A RESIDENCIA INDIANA

O indiano cando regresa trae na súa mente a imaxe da arquitectura que viu nos modernos edificios e vivendas de cidades como A Habana, para elaborar a partir dela a súa futura residencia; pero normalmente descoñece que gran parte destes modelos foran exportados desde Europa cara a América en catálogos, revistas ou por profesionais formados no vello continente. De maneira que esas ideas parten dos mesmos criterios que se están a seguir nas cidades europeas; isto é o que moitos autores deron en chamar *arquitectura de ida e volta*, xa que nunha primeira viaxe marcha de Europa a América, onde se impregna da arquitectura popular, o cal explica a apertura de ocós, balcóns e terrazas na procura de luz, para posteriormente retornar co emigrante a Galicia.

Isto dificulta a diferenciación entre as residencias indianas e as promovidas polas burguesía de principios de século. Para identificalas, á parte do testemuño oral de familiares e veciños,

Casa da Florista-Maniños.



partimos da súa localización, resultando que o indiano busca o lugar que o viu nacer, normalmente un enclave rural, mentres que a burguesía do momento levanta as súas vivendas preto dos núcleos urbanos, lugares nos que desempeña o seu traballo; malia isto temos exemplos que nos levan ao engano, como a Casa da Florista ou a Torre de Borrás, situadas en Maniños e promovidas por senllos irmáns ferroláns, médico e avogado respectivamente.

É precisamente no rural onde a arquitectura indiana se presenta como unha *arquitectura de impacto*, na que o efecto de contraste que exerce no espazo sobre o que se erixe conséguese en razón de varios factores:

- A *localización* nun outeiro ou nun punto de coidada perspectiva desde unha estrada importante, de xeito que poidan verse doadamente, anque en ocasións, pola contra, vólvese sobre si mesma, introvertida, pechada á vía pública tras altos muros ou espesos arboredos na procura de intimidade e recollemento.

- A discrepancia de *tamaño* respecto da arquitectura popular coa que convive. Clara evidencia disto é a Casa Grande de Redes, xa que ao seu nome fan honor os seus catrocentos metros cadrados por planta.

- As súas *formas*, que adoitan ser caprichosas e pouco frecuentes. Fronte á típica planta rectangular, resulta ben vistosa nestas construcións a conxunción de volumes distintos arredor dun corpo principal, formando numerosos entrantes e saíntes que poden chegar a dar perfís insospeitados como a especie de frecha que debuxan en planta as oito fachadas do Chalé do Adriano.

- O emprego de *cores*, xeralmente combinadas para conseguir que os motivos ornamentais ou aqueles elementos representativos da vivenda teñan un maior protagonismo. Así apreciámolo no Chalé de Esperante, no Seixo, no que se combinan os tons vermellos e verdes para facer máis visible aqueles elementos que se queren resaltar, neste caso a carpintería que forma os ocos de fiestras, portas e balcóns.


- Os *xardíns* con especies exóticas, as sementes das cales procedían de América, como por exemplo as existentes no xardín de Vila Frayán que chegaron desde Quito. Así en case todas había magnolios ou camelias, especies que hoxe resultan cotiás pero que naquel momento non eran tan habituais. E como non, toda vivenda indiana que se prece ten un magnífico exemplar de palmeira e a habitual anque non tan coñecida araucaria.

O máis común é que o edificio o levantara un mestre de obras seguindo os gustos do indiano, sendo pouco frecuente que existise un proxecto previo. Malia isto, das dez vivendas

Palmeira en Santa Amalia.



estudiadas tres delas son *de autor*, é dicir, que teñen un proxecto firmado por arquitecto. Así Juan Villamil deseñou a Casa Grande de Redes, Manuel de Leira y Leira fixo o propio con Vila Frayán; e moito máis singular é o caso do Chalé Casteleiro ou Casa Joaquín Sixto, a que ten o proxecto asinado por Albarrán e Bibal, arquitectos cubanos. Estes traballos de estudo de arquitectura repercuten na vivenda facendo que esta presente un deseño culto e de prestixio. Á parte destas tres vivendas existe un caso especialmente particular, que anque non foi deseñado por arquitecto, si podemos denominar, ao igual que nos casos anteriores, como "de autor". É o Chalé do Adriano, deseñado polo propio indiano gracias aos coñecementos adquiridos en Ultramar, onde traballou no sector da construción.



Plano orixinal de Vila Frayán-1920.

## ANÁLISE CONSTRUCTIVA

A maior parte das construcións indianas levántanse sobre grosos muros de pedra, mampostería ordinaria, empregándose ocasionalmente estruturas de formigón, como é o caso do Chalé do Adriano. O emprego habitual do sistema estrutural mediante muros de carga condiciona a apertura de ocos, de xeito que estes predominan nas fachadas principais, fronte aos panos case macizos que conforman as laterais.

Pola súa parte, as estruturas horizontais, así como as cubertas, realízanse mediante entramados de madeira, principalmente de tea ou castiñeiro. É digno de sinalar a este respecto o inmejorable estado que presentan moitas destas estruturas, debido á excelente calidade das madeiras empregadas e a un axeitado e continuo mantemento. O material de cubrición soe ser tella cerámica, xa sexa plana ou curva, resultando excepcionais aquelas cubertas planas con terrazas e azoteas, propias de países cálidos e pouco chuviosos, que imitan claramente as formas dos países de destino.

Para o peche de ocos, portas, fiestras, galerías, etc. emprégase exclusivamente a madeira, que recibe un tratamento diferenciador facéndoos resaltar gracias ao emprego de cores que contrastan coa tonalidade do resto da fachada. É nestes elementos onde a carga ornamental é maior, traballando as súas xambas e linteis con numerosas molduras que nos definirán en moitos casos o estilo arquitectónico predominante da vivenda.



Detalles modernistas na casa de Paco Bello.

En definitiva, o modo de construír en pouco difere das construcións tradicionais, agás na-queles casos un pouco máis serodios, nos que o formigón e o seu emprego comezaba a estenderse.

## ANÁLISE ESTILÍSTICA

Anque nun principio asociemos a idea de arquitectura indiana a un determinado estilo arquitectónico, o *colonial*, esta arquitectura non pode alardear de estilo único. A obra indiana, coma a do resto da burguesía, é fiel seguidora dos dictados estranxeiros e vese afectada pola multiplicidade de estilos arquitectónicos predominantes nese momento no resto de Europa.

No conxunto da "edilicia" analizada achamos catro estilos arquitectónicos. Ao que menos se recorreu é precisamente ao *colonial*, do que atopamos como única mostra a Casa Minerva.

Un dos estilos preferidos polos indianos é o *modernismo*, debido principalmente ao visto-so que resultan os seus motivos ornamentais e formas; como exemplos deste estilo temos a Casa de Paco Bello e a de Concha Amado, ambas en Redes nas que realizaron o seu traballo ornamental os mesmos estucadores portugueses. Estes conseguían os elementos decorativos mediante moldes de escaiola nos que deixaban fraguar a masa de cemento.

É o *rexionalismo* o menos coñecido dos estilos aos que se adscriben as vivendas analizadas. De entre o conxunto, Vila Frayán e o Chalé do Areal son as que se inclúen dentro do mesmo. O rexionalismo identifícase polas influencias locais, pero neste caso é o movemento montañés, propio de Cantabria, o que vai determinar as características de ambas construcións, elevándose como elemento representativo do edificio o torreón.

Por último o *eclecticismo* é o que domina con diferenza as preferencias dos indianos. Da nosa mostra a metade das vivendas seguen esta corrente, nada estraño xa que foi aceptada en toda Europa de forma masiva. A súa principal característica é o uso de elementos de diferentes correntes dentro dun mesmo edificio, de xeito que aparecen trazos neoclásicos coexistindo con motivos pintorescos, coloniais, etc.; é en definitiva unha mestura de estilos.

## AS RESIDENCIAS DESTACADAS NAS RÍAS DE ARES E FERROL

Sendo coñecedores de cales son os elementos e características que dan unidade a este conxunto, adentrámonos agora nunha análise exhaustiva de cada unha das residencias na procura das singularidades que a fan diferente fronte ás demais. Estas van depender en gran medida do estilo arquitectónico ao que están adscritas, sendo tamén de importancia relevante o seu indiano-promotor, xa que é este na maioría dos casos o que define o aspecto e necesidades da vivenda.



Casa Minerva-Vista Xeral.

### CASA MINERVA

A Habana foi o destino escollido por *Constantino Rodríguez Freire* a finais do século XIX. Este veciño de Ares logrou facerse propietario dunha carbonería vexetal que lle proporcionaría os beneficios necesarios para regresar ao seu Barracido natal. Froito dun labor man a man co mestre local Picos, é esta vivenda culminada en 1930.

Esta residencia perfílase entre as demais como aquela na que as características definitivas do *estilo colonial* se fan máis patentes.

A perfecta simetría que se aprecia en todas as súas fachadas, unida á falta de decoración, proporcionanlle unha austeridade nada propia destas construcións, que se ve disimulada pola combinación de cores que fai resaltar os marcos dos ocos, os esquinais e as liñas de forxado.

A planta cadrada, sobre a que se levantan tres pisos de considerable altura, coróase mediante un ático de planta rectangular que discorre paralelo á fachada principal, permitindo aos seus lados a presenza de ambas terrazas laterais desde as que nacen as escaleiras de acceso á azotea de remate. Nin sequera este remate tan *habaneiro* consegue romper a monotonía do conxunto.

### CASA DE CONCHA AMADO

*D. José López Martínez* emigrou a Cuba con trece anos, onde comezou a traballar cos seus veciños de Redes, para terminar sendo copropietario dun negocio de ferraxería "*Aspuru y Cía.*".

Durante os retornos temporais ao seu pobo natal, encarga en 1915 a remodelación da súa casa materna e a súa posterior ampliación en 1920, ambas obras realizadas polo mestre local Germán Brage.



Nesta vivenda, situada na redeña praza do Pedregal, distínguense nitidamente as dúas fases constructivas. Ao corpo orixinario, que non presenta diferencias coas vivendas adxacentes agás polo tratamento ornamental das súas fachadas, encóstrase a parte moderna e singular desta construción.

Nela chama a atención a conxunción decorativa do vexetal e o animal, sempre dentro do esquema *modernista* que preside o conxunto. A planta baixa presenta unha celosía na que se representa unha cabeza de león e outra de ovella, enfrontadas con clara intención alegórica; sobre ela sitúase o peitoril dunha terraza onde se observan parellas de dragóns alados. A planta superior sofre un retroceso para dar cabida á mencionada terraza, abríndose a ela unha porta balcaneira rematada por un arco carpanel de tres centros, mostra das clásicas curvas modernistas.

Nesta fachada apréciase perfectamente que a convivencia da arquitectura autóctona cos movementos europeos do momento non distorsiona de ningunha maneira o aspecto final do edificio.

## CASA DE PACO BELLO

*Francisco Bello Casteleiro* fixo fortuna na Habana gracias á pesca da charna e o pargo. Retornaba ao seu Redes natal cada cinco anos, traendo a correspondente remesa de cartos cos que encargou a José Cirilo e a don Robustiano a remodelación da súa casa materna.

Como na Casa de Concha Amado, o máis vistoso é o tratamento decorativo que os



Casa materna-1915.

Ampliación-1920.



Casa de Paco Bello:ornamentación en fachada principal.





Portada posterior.

estucadores portugueses Domingo Pires e Domingo Viana dan ás súas fachadas, acadando que o cemento, un material que xeralmente proporciona un aspecto frío e austero, neste caso sexa o que lle dá beleza ao edificio. Esta decoración faise resaltar aínda máis mediante a combinación de cores.

Os motivos ornamentais desta vivenda son basicamente vexetais, sendo moito máis profusos na fachada principal; nela as grecas e grilandas proporcionan un efecto de continuidade ao unir a xeito de enredadeira todos os ocós.

Non se pode obviar o traballo de carpintería realizado na galería e miradoiros da fachada posterior, na que tamén aparecen elementos modernistas como a portada con motivos vexetais e formas chinesas. Ambos elementos forman unha fronte acristalada que nutre de luz e permite a contemplación panorámica da ría de Ares desde a terraza que os antecede.

Salvo unha pequena ampliación levada ao cabo na terraza en 1966, a vivenda presenta o mesmo aspecto que cando foi inaugurada en 1915.

## CHALÉ DO AREAL


Deste conxunto de vivendas o Chalé do Areal é o único levantado con cartos que non proceden de Cuba, porque *Emilio Blanco* emigrou á Arxentina. Traballando de empregado municipal en Bos Aires consegue unha pequena fortuna que destina entre outras cousas a construír esta fermosa casa. En 1930 un irmán de D. Emilio encarga a dirección da obra aos mestres locais Brage e Fraga, este último propietario dunha afamada carpintería de Pontedeume. En 1935, o matrimonio Blanco instálase con carácter definitivo na que será a súa nova e derradeira residencia.

É o torreón o elemento que singulariza o edificio, enmarcándoo dentro da corrente *rexionalista*; destaca non só polo aspecto señorial que proporcionan os balcóns, de evidente influencia neoclásica, senón tamén polos grandes beirís realizados integramente en madeira de tea e que presentan un estado de conservación inmellorable, malia o tempo transcorrido desde a finalización da obra.

O outro elemento representativo desta vivenda é o soportal lateral. A súa orixinalidade reside nas columnas que soportan os arcos, xa que cada unha se divide á súa vez en dúas, con sección



Torreón e galería.



Soportal lateral.

cadrada e circular respectivamente. Como non sobre este soportal a omnipresente galería, diferenciándose ao se enmarcar en fábrica de pedra no canto de se realizar integramente en madeira e vidro.

## VILA FRAYÁN

Os irmáns Patiño rexentaron un próspero negocio de agasallos, mobles e enseres domésticos na Habana, gracias ao que atesouraron unha considerable fortuna. Felipe Patiño, único irmán que non emigrou, encarga en 1920 a remodelación da vivenda familiar ao arquitecto local Manuel Leira y Leira. Desde o negocio de Ultramar chegou o diñeiro necesario para a acometer, así como gran parte do mobiliario, do que aínda se conservan entre outros unha pianola-gramola ou un salón Luis XV, ambos de orixe francesa.

Ao igual que no Chalé do Areal, o torreón delata a súa tendencia *rexionalista*, apreciándose ademais outra característica deste estilo arquitectónico: a unión de varios volumes, de diferentes formas, tamaños e alturas, arredor dun único elemento central, para crear un único corpo. A planta forma unha serie de entrantes e saíntes que proporcionan mobilidade ás fachadas, fuxindo da monótona forma rectangular.

Dá unidade ao conxunto resultante a decoración e o tratamento das fachadas, igual para todas elas; así os paramentos presentan fendas imitando os perpiaños das vivendas de pedra e todos



Plano-Alzado principal.

Vista xeral desde a estrada.



os elementos que enmarcan vans, molduras, motivos decorativos de carpintería e peitorís de balcóns e fiestras, realízanse con base en formas xeométricas.

No interior desta residencia indiana reproducíase a esquisitez que podemos apreciar na súa envoltura exterior. É digno de mención o traballo de carpintería, reproducindo nas portas de paso os mesmos elementos ornamentais do exterior, e sendo a súa máxima representación a escaleira semicircular que dá acceso ás diferentes plantas.



Galería de Santa Amalia.

A cor, encanto desta vila.



## A CASA GRANDE

De todos os nosos indianos, foi *Luciano Rojo López* un dos máis agraciados economicamente falando, gracias ao almacén de carbón que posuía na Habana. Ao seu regreso a Redes instálase na súa casa materna, á que a súa muller non se adapta convencéndoo para construír unha nova vivenda acorde coa súa nova posición.

Contan os lugareños que o afán de protagonismo de dona Josefina, coñecida como a *Cubana*, era tal que solicitou permiso para pavimentar o salón con pesos de ouro, pero denegáronllo xa que se pisaba a imaxe que aparecía na cara das moedas. Neste enorme casarón, que mesmo conta con capela propia, foron frecuentes as reu-

Almacén de Luciano Rojo na Habana.



nións e festas de sociedade nas que se invitaba á alta burguesía coruñesa e nas que gran parte do pobo traballaba como servente.

A diferenza da maior parte destas construcións, nas que a fachada principal é a máis coitada da vivenda, en santa Amalia é a esquerda a máis representativa. Defínea un soportal balastrado ao longo da planta baixa que sustenta unha impresionante galería de vinteun metros, conferindo o conxunto personalidade propia ao edificio e facendo, polas súas dimensións, honor ao nome de Casa Grande de Redes.

A mestura de diferentes estilos arquitectónicos, con predominio de motivos neoclásicos, fai que o resto das fachadas resulten monótonas fronte á anterior, conseguindo unha certa mobilidade gracias a pequenos recuados para aloxar terrazas, pero sobre todo gracias ao emprego combinado de cores que fan resaltar os elementos ornamentais.

Anque actualmente se acha nun estado de conservación excelente, a principios dos anos noventa estaba moi deteriorada. O resultado de aplicar un excelente criterio de recuperación e conservación, propiciou que hoxe, como antano, luza con todo o seu esplendor.

## A CASA ROSA

*D. Andrés García Taboada*, primeiro na Habana e posteriormente en Londres, decántase polo negocio das navieiras como forma de promoción, adicándose ao transporte tanto de persoas como de mercadorías. A morte do seu primoxénito propicia en 1986 o regreso definitivo a Pontedeume.

A Casa Rosa, realizada por un mestre de obras coruñés, é o segundo intento levado a cabo, xa que a primeira construción, moito máis simple e austera, e que ata non hai demasiado tempo podía contemplarse no mesmo soar, non foi do agrado da dona de D. Andrés.

No ano trinta sufriu varias reformas, así a parte posterior ampliouse formando varias terrazas que coroaban o conxunto e na fachada principal substituíuse a terraza orixinal por unha galería sobre a que se abre unha nova terraza. Estes cambios integráronse perfectamente co construído antes, porque respectaban formas, materiais e elementos decorativos orixinais sen romper para nada a harmonía do conxunto, no que se mesturan elementos de distintos estilos: columnas de ton corintio, peitorís e linteis modernistas, beirís pintorescos. Estamos ante o *eclecticismo*.

Hai un par de anos esta vila presentaba un estado de abandono total, cuberta de maleza que nos impedía ver unha serie de reformas posteriores que non souberon unir as necesidades buscadas polos seus propietarios co respecto polo existente. Así nos anos setenta arrimáronse a un lateral unhas escaleiras de formigón para dar acceso independente a cada piso, abrindo portas alí onde




Postal da Casa Rosa a principios do s. XX.  
Arriba á dereita: aspecto en 1998.  
Abaixo: decoración en fiestras.



había fiestras; e xa nos noventa, pechouse a terraza posterior cunha galería de aluminio, feito que constitúe o punto álxido da distorsión estética.

Sobre unha planta cadrada elévanse os tres andares que conforman este edificio, coroados por unha cuberta a oito augas onde os beirís remátanse con lambrequín e pináculos de madeira. A sempre usada combinación de cores, neste caso rosa e branco, axuda a resaltar aínda máis se cabe a ornamentación de tintes modernistas que decora as fachadas; os linteis e os peitorís das numerosas fiestras amósannos unha faciana feminina que sobresaie entre as formas curvas e os motivos vexetais.

Actualmente o edificio recuperou o aspecto que ofrecía tras a remodelación dos anos trinta, gracias á intervención do seu actual propietario, o Concello de Pontedeume, que, ao igual que sucedeu con Santa Amalia, ten traballado baixo criterios conservacionistas demolendo os elementos distorsionadores que se adosaron ao edificio nas últimas décadas do século pasado e recuperando os primixenios que foran modificados.



Plano-Alzado principal.

## O CHALÉ

De todas estas vivendas, o Chalé do Seixo, como é coñecido polos veciños, foi a primeira en levantarse, aló polo 1868. *Don Esperante*, do que pouco máis que o seu nome coñecemos, ademais de que era ferrolán, emigrou a Cuba e logo a Florida e Luisiana, onde prosperou como contratista de obras.

De estilo tamén *ecléctico*, *Francisco Yárcena*, propietario posterior, engade en 1921 á cuberta o beiril con gardamalleta e os pináculos, adoptando con isto o seu aspecto actual.

A primeira vista o que chama a atención é este beiril xunto cos pináculos que rematan as cumieiras, lembrando os remates pintorescos tan adoitos nos chalés alpinos. Rivaliza en protagonismo co balcón que coroa a fachada principal, realizado igualmente en madeira de tea, ao que se abre unha porta en arco de medio punto que denota unha evidente estética árabe.

No aspecto constructivo o máis destacable é o uso de novos materiais tales como o ladrillo visto, usado para dividir alturas e como elemento decorativo, así como o aproveitamento de ocos na división interior da vivenda, conformando nos mesmos armarios empotrados, elementos de evidente influencia norteamericana.

## CASTELEIRO

Os planos orixinais desta vivenda amosan que os arquitectos cubanos Albarrán e Bibal foron os que proxectaron para *D. Joaquín Sixto Vázquez* esta vivenda no Seixo. O noso indiano posuía na Habana os grandes almacéns Fin de Siglo, que lle achegaron grandes beneficios.



Balcón e cuberta de influencia pintoresca.




Malia que a primeira vista poida non chamar demasiado a atención, o certo é que o edificio esconde elementos singulares e pequenos detalles certamente chamativos. En primeiro lugar o balcón da parte superior, que se resolve en esquina e resalta pola combinación de cores; realizado integramente en madeira de tea, desafia o dano que poida provocar sobre ela o clima de Galicia.

No alzado esquerdo chámamos a atención o recuado central, que ademais de dar cabida a tres vidreiras decoradas, é á súa vez a excusa para colocar unhas pequenas cartelas, sendo o marco idóneo para que estes elementos destaquen ante a monotonía do conxunto.

Na fachada dereita sitúase a galería, sustentada esta vez por un soportal balaustrado con tres amplos arcos de medio punto e coroada, de maneira inusual, por tres bufardas.

Parámonos aquí nun elemento ata agora non analizado, o xardín. No desta vivenda podemos achar moitas solucións e especies utilizadas habitualmente; así observamos aquí a disposición dun pasillo que transcorre entre os xardíns desde o portal á porta de entrada, flanqueado polas características xardineiras a modo de copón, tamén presentes noutras vivendas como o Chalé ou na Casa de Concha Amado. De igual modo, nos parterres que definen as zonas axardinadas, achamos as exóticas araucarias, que neste caso substitúen a típicas palmeiras.

**Pasillo de acceso á vivenda.**



**Planos orixinais de Albarrán y Bibal.**

**Aspecto actual.**



Hai un par de anos esta vivenda foi rehabilitada, reparando a súa deteriorada cuberta así como adecentando carpinterías exteriores e fachadas. O aspecto definitivo non difire en absoluto do orixinal.

## CHALÉ DO ADRIANO

Sirva como remate desta mostra, a que sen dúbida é a residencia indiana máis representativa da zona analizada: o Chalé do Adriano ou a Casa da Maleta.

*Antonio Fernández Fernández*, máis coñecido como "o Adriano", escolleu Barallobre en vez do seu natal San Pedro de Eume para construír a súa casa. En Cuba forxou a súa fortuna no sector da construción, comezando polos traballos máis básicos para rematar efectuando labores de contratista e mesmo de arquitecto.

El mesmo deseñou a súa vivenda e participou da súa construción. Nela todo chama a atención e impresiona: desde a cuidada decoración das súas nada menos que oito fachadas ata o pouco habitual remate do edificio.

O interior tampouco se descoidou, prolongándose nel o tratamento recibido no exterior, xa que estas vivendas se decoran, amoblan e distribúen con esmero e sen escatimar detalles.

Pecha esta o conxunto de vivendas *eclécticas*. Presenta unha clara influencia neoclásica

Vista Xeral.



Fachada posterior.





O Adriano emigrante.

como se pode observar nas pilastras que percorren as fachadas, de estilo xónico na planta alta e toscano na inferior, ou na moldura que intenta simular unha cornixa sobre os ocos. Outros elementos representativos son os miradoiros das fachadas noroeste e nordés, nos que dúas columnas de igual tendencia serven para soportar o voo que realiza a terraza ao querer cubrilos.

Non obstante, son os dous conxuntos seguintes os que sen dúbida identifican esta vivenda:

- O primeiro fórmano os dous miradoiros superpostos e sustentados por unha columna palmiforme que evoca o recordo doutras terras, tanto pola súa forma como pola inscrición que nela aparece, "Perla del Sur", en clara alusión a Cuba, e "1921", data de construción. Como mencionamos anteriormente, malia estar na súa terra, o emigrante arela por aquel lugar que o viu superarse.

- O outro elemento é probablemente aquel gracias ao que coñecemos esta vivenda, debido á visión que temos do mesmo desde moitas zonas da comarca; é a cúpula nervada que soporta ao tan famoso Señor da Maleta. Situada sobre a terraza de influencia colonial que cobre o edificio, cordóns e motivos vexetais decórana intentando competir coa marabillosa vista das rías da Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol que desde este punto se nos ofrece. A figura que culmina a vivenda representa ao Adriano emigrante, coa súa maleta e a súa gabardina, sustentando na súa man dereita un farol como querendo iluminar e ensinar o camiño a aqueles que seguiran os seus pasos.

## CONCLUSIÓNS

Malia que a arquitectura promovida por emigrantes ten sido fonte de numerosos estudos na zona de Asturias e Cantabria, o certo é que ata hai ben pouco en Galicia estes traballos limitá-

banse fundamentalmente á catalogación e análise documental das Escolas Laicas. A falta de interese no pasado polo coñecemento e análise das vilas e residencias da nosa comunidade, motivou en gran medida o deterioro e abandono por parte dos seus propietarios, descoñecedores en moitos casos do valor arquitectónico e histórico destas propiedades.

Por sorte a tendencia actual é totalmente contraria, proliferando a publicación e investigación sobre Casas Indianas. A este interese amosado ultimamente pola comunidade científica únese tamén un crecente interese institucional e particular. Clara mostra disto témolo en Pontedeume, onde a corporación local adquiriu a Casa Rosa con vistas a implantar nela a gardería municipal, ou en Cabanas, onde o concello comprou e está a acondicionar a Escola Laica; o exemplo do interese privado é Vila Frayán, que se atopa actualmente en pleno proceso de acondicionamento.

En calquera caso, son aínda demasiadas as construcións indianas que presentan un abandono tal, e abonda ver exemplos como o do Cine Adriano en Barallobre, ou moitas das escolas laicas da zona de Ferrolterra, algunha mesmo xa desaparecida. Agardemos que os actuais traballos sirvan para dar a coñecer a importancia deste patrimonio que nos recorda claramente aquilo que fomos os galegos en tempos non tan arredados; porque, quen de nós non tivo ou non ten aínda algún emigrante na súa familia.

## BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ-QUINTANA, Covadonga: *Indianos y Arquitectura en Asturias (1870-1930)*. Tese Doutoral. Facultad de Historia de la Universidad de Oviedo.

ÁLVAREZ-QUINTANA, Covadonga: "La casa india o el "aspecto visual de la Historia". *Cuadernos del Norte*; monografías, n. 2. 1989. Pp. 141-146.

ARIAS, María; SANFIZ, Henrique: "Barallobre no pasado". Concello de Fene, 1996.

A.A.V.V.: *Indianos: Arquitectura da emigración na península de Bezoucos*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Comisión de Cultura da Delegación Ferrol. 2000.

CABANO VÁZQUEZ, Ignacio: *Arquitectura americana en Galicia*. Galicia e América: Cinco Séculos de Historia. Xunta de Galicia. 1992.

EIRAS ROEL, Antonio: "Emigración gallega a las Américas en los siglos XIX y XX". *Aportaciones al estudio de la emigración gallega, un enfoque comarcal*. Xunta de Galicia. 1992.

HERNÁNDEZ BORGE, Julio; DURÁN VILLA, Francisco: "Guía bibliográfica da emigración galega". Santiago, Servicio de Publicaciones da Universidade.

LLORCA FREIRE, Guillermo: "Ferrolanos na emigración á América: o seu papel na educación escolar". Caderno do Ateneo ferrolán nº 10, 1994.

RECOMPOLACIÓN bibliográfica da emigración galega, 1990-1995. Estudios migratorios, nº 1, 1995.

RODRÍGUEZ GALDO, M<sup>a</sup> José: *Galicia, país de emigración: la emigración gallega a América hasta 1930*. Columbres: Archivo de Indianos. 1993.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro: "As dimensións microsociais da emigración galega a América". Actas do curso de verán 1992 en Santiago: *Galicia e América: relacións históricas e retos de futuro*.

VILLARES, Ramón: "El indiano gallego: mito y realidad de sus remesas de dinero". *Cuadernos del Norte*; monografías, n. 2. 1989. Pp. 29-34.